**CONCELLO DE XERMADE ( LUGO )**

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade
Tlfnos.: 982 501 001 – 982 501 002
xermade@xermade.org

# COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE

**DATOS DO/A SOLICITANTE**

| | | | |
|---|---|---|---|
| DATOS DO SOLICITANTE | | | DNI/NIF/CIF. |
| DATOS DO SEU REPRESENTANTE | | | DNI/NIF/CIF. |
| MEDIO DE NOTIFICACIÓN<br>PAPEL ELECTRÓNICA | | | ENDEREZO |
| C.P. | Tlf. 1 | Tlf. 2 | E-mail |

**SOLICITUDE**

**Emprazamento do local**

Emprazamento………………………………………………………….. nº ……………………

Referencia catastral ……………………………………………………………………………

| **Descrición da actividade** | **Aforo** |
|---|---|
| ………………………………………………………………………. | ………………persoas |

| | |
|---|---|
| Superficie total : ……………………….. $m^2$. | Potencia mecánica : ………………CV. |

De acordo co anterior,

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE que é certo o que manifestó, e, que achego a seguinte documentación que acredita:

- Que non son precisas obras de acondicionamento do local para o desenvolvemento da actividade.
- Que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e que o local e as instalacións reúnen as condicións de seguridade, funcionalidade, salubridade e as demáis previstas no planeamento urbanístico e normativa sectorial aplicable.
- Que a actividade conta coas autorizacións e informes sectoriais que resultan preceptivos para o seu exercicio.
- Que conta coas autorizacións para a ocupación do dominio público ou sectoriais que resulten necesarias.
- Que no caso de dispoñer de maquinaria, estará instalada sobre soportes antivibratorios e illada de paredes medianeiras.
- Que a instalación eléctrica axustarase ao Regulamento electrotécnico de baixa tensión.
- Que se cumpren as condicións de illamento mínimas e os valores límites de inmisión e transmisión de ruído e vibracións cosonte á lexislacións e regulamentación vixentes.
- Que a actividade dispón de extintores, iluminación de emerxencias, sinalización e demáis condicións e instalacións de protección contra incendios segundo o disposto na normativa vixente.
- Que as instalacións cumpren cos regulamentos técnicos específicos das instalacións e normas fixadas no planemento municipal.

- Que a actividade cumpre coas normas de accesibilidade.
- Que cumprirán os requisitos relativos ás medias hixiénico-sanitarias.
- Que se cumprirán os requisitos da normativa específica de tratamento de residuos, de resultar esixible.
- Que achega toda a documentación preceptiva.

DECLARO, ASÍ MESMO:

- Que a actividade cumprirá os requisitos esixidos pola normativa de aplicación e manterá as medidas correctoras precisas para o correcto desenvolvemento da actividade durante o tempo do seu exercicio, ( as actividades nocturnas e diurnas susceptibles de contaminación acústica disporán do correspondente certificado de illamento acústico do local expedido por empresa homologada, asinado por técnico competente ).
- Que ao tratarse dunha actividade de exercicio continuado, axustarase ás esixencias derivadas da nova normativa que resulte de aplicación, previa obtención das autorizacións, que no seu caso, resulten preceptivas para o seu exercicio.

COMUNICO que iniciarei as obras a partires do día …………………(no caso de non indicar data entenderase a partires do mesmo día da presentación da instancia ).

ADVÍRTESELLE QUE consonte no apartado 4º do artigo 71.bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou da actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar.

AUTORIZO aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, a esta Administración á comprobación telemática con outras Administracións Públicas de datos declarados e demáis circunstancias relativas ao exercicio da obra que se vai executar.

**DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR**

**Impreso de comunicación previa de actividade.**
**Datos identificativos do solicitante (DNI, CIF, etc ).**
**Carta de pagamento.**
**Certificado xustificativo de que o local está dado de alta no servizo de subministro de auga potable para a actividade que se vai desenvolver. De ser o propietario do local o solicitante, poderá achegar copia do contrato de subministro de auga.**
**Documento acreditativo da dispoñibilidade do local ( escritura de compraventa, contrato de arrendamento…).**
**Autorización ou declaración ambiental que proceda.**
**Autorizacións e informes sectorias preceptivos.**
**Memoria técnica xustificativa da normativa de aplicación, incluíndo memoria explicativa da actividade que se vai desenvolver e planos acoutados en planta, alzado e sección, así como a xustificación da normativa de aplicación á actividade da que se trate ( sistema de ventilacón, cumprimento da normativa acústica…..).**
**Certificación expedida por facultativo competente acreditativa de que o local é apto para o exercicio da actividade.**
**Certificado de illamento acústico do local expedido por empresa homologada, asinado por técnico competente (para actividades susceptibles de contaminación acústica.**
**Reportaxe fotográfica, incluíndo fotografías da fachada e do interior.**

| DATA E SINATURA | DATA DA COMUNICACIÓN | SINATURA DO/A SOLICITANTE |
|---|---|---|
| | | |

*Os datos persoais contidos na presente comunicación son recollidos baixo o consentimento da persoa interesada e serán obxecto de tratamento automatizado e incorporados aos ficheiros de información do Concello de Xermade. O seu uso restrinxirase exclusivamente á xestión municipal, podendo cederse ou comunicarse a outras administracións públicas ou terceiros nos supostos previstos na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais. As persoas afectadas polo tratamento poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade, así como a limitación ou oposición ao seu tratamento, naqueles casos nos que a lexislación o permita, por medio de comunicación ao Concello de Xermade mediante unha solicitude xenérica tanto de forma presencial como na sede electrónica https://concelloxermade.sedelectronica.es ou ao correo electrónico do delegado de protección de datos dpdcooperacionconcellos@deputacionlugo.org*

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE XERMADE (LUGO)**

**SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE XERMADE – LUGO.**